

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 19 DE AGOSTO DE 2013.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezanove de agosto de dous mil trece; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Prieto Pérez e Don Javier Iglesias Sendin.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado cinco de agosto de dous mil trece (ordinaria), salvo no referente aos aistentes xa que consta a presenza de Don Vicente Soto Rodríguez, e este non estaba presente.

2.- OBRAS MAIORES.-

OUTORGAMENTO LICENCIA DE OBRA E APERTURA PROVISIONAL RIB/C/154/12.-


Visto o escrito de Dona Maria del Carmen Martínez Gil en representación de Autos González, onde solicita Licenza de Obra e apertura para nave industrial para garaxe de autobuses, na parcela nº 20 do Parque Empresarial, en Ribadavia, segundo Proxecto Básico e de Execución presentados.

Visto o informe técnico da Arquitecto Municipal de data 07 de xuño de 2013 no que se conclue o seguinte:

“En base a todo isto, infórmase que a actividade que se pretende é compatible coa normativa urbanística vixente.

Cuarto: Respecto da compatibilidade da actividade coas Ordenanzas Municipais: Segundo as Ordenanzas reguladoras do Plan Parcial do Parque Empresarial, esta actividade de garaxe para autobuses é un uso compatible dentro do Parque Empresarial.”

Visto o informe xurídico de data 20 de agosto de 2013 no que se conclue o seguinte:



“Este é o parecer non vencellante do informante do que o seu carácter favorable se supedita ao cumprimento das condicións reflectidas no correspondente informe técnico e no dictame de incidencia ambiental de data 01 de xullo de 2013.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

1. Conceder licenzas de obras para nave industrial para garaxe de autobuses, a Dona María del Carmen Martínez Gil en representación de Autos González, na parcela nº 20 do Parque Empresarial, en Ribadavia.
2. Conceder licenzas de apertura provisional para garaxe de autobuses, quedando supeditado o pago de taxa por licenzas de apertura, ao outorgamento da licenzas de apertura definitiva ou de apertura e entrada en funcionamento..

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licenzas outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenzas levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenzas concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenzas de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 196.2 da LOUGA, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenzas urbanística á obtención da correspondente licenzas de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenzas de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenzas de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenzas de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenzas, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.



2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: nave industrial para garaxe de autobuses

Contía na que se orzan as obras: 152.745,00 €.

Situación e emprazamento das obras: parcela nº 20 do Parque Empresarial, en Ribadavia.

Redactor do Proxecto: Don Eugenio Iglesias Novoa.

Dirección das Obras: Eugenio Iglesias Novoa.

Nome ou razón social do promotor: Dona Maria del Carmen Martínez Gil en representación de Autos González


Prazos: O prazo de inicio das obras é de un (1) mes e o prazo de remate de tres (3) anos a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

Liquidación do ICIO : Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 152.745,00 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, por importe de 3.971,37 euros.

Importe execución material / coste da obra:	152.745,00 €
Importe do ICIO, 2,6% do apartado anterior (mín. 42€):	3.971,37 €
Aboado por autoliquidación:	
Cantidade que deberá aboar adicionalmente:	3.971,37 €

Outras condicións:

- As obras deberán axustarse os proxectos e documentación anexa aportada o expediente.
- Deberán cumprirse as condicións do informe técnico de data 15 de abril de 2013 en canto a xustificación da recollida selectiva de residuos, aspectos que deberán xustificarse antes do outorgamento da licenza de apertura definitiva.
- Deberán cumprirse os condicionados do dictame de incidencia ambiental, concretamente os seguintes:
 1. *“Os residuos urbanos ou asimilables entregaranse á empresa adxudicataria da xestión de residuos municipais segundo as condicións fixadas nas correspondentes ordenanzas. A empresa promotora deberá dispor dun número de contedores de capacidade suficiente para garantir a axeitada xestión dos residuos producidos, que serán herméticos no caso dos residuos orgánicos. No caso de que a entidade local xustificadamente obrigue á xestión dalgún tipo de residuo asimilable a urbano, a empresa promotora deberá entregalo a un xestor autorizado para residuos sólidos urbanos.*
 2. *Á xestión axeitada dos residuos perigosos xerados nas tarefas de mantemento dos autobuses. Deberán solicitar a inscrición deste novo centro no rexistro Xeral de Productores e Xestores de Residuos de Galicia.*
 3. *Xestionar os residuos industriais non perigosos (pneumáticos, papel cartón, plásticos, etc.). Estes residuos almacenaranse en condicións de hixiene e seguridade (artigo 18 da Lei 22/2011 de residuos) e entregaranse a un xestor autorizado (artigo 17 da Lei 22/2011 de residuos). Se na actividade se xeran máis de 1.000 toneladas/ano de pneumáticos usados, deberán inscribirse como*



productores de residuos industriais no rexistro Xeral de Productores e Xestores de Residuos de Galicia.

4. *Xestionar correctamente, con empresas autorizadas, os residuos procedentes das obras de construción da nave”.*

- Unha vez rematadas as obras notificarase ó Concello coa finalidade de realizar a correspondente visita de comprobación previa á Licenza de Apertura e entrada en funcionamento.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Escrito de Dona Milena González Fernández con data RE 5 de agosto de 2013 N° RE 4170, sobre baixa do posto 10-11 na Praza de Abastos.
2. Escrito de Don Juan Felipe Villar Degano con data RE 29 de xullo de 2013 N° RE 4088, sobre posta en coñecemento do derrubamento dun muro de contención en San Paio solicitando que se tomen as medidas oportunas.

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.-

1.- Visto o escrito presentado por **Don Jean Mbikayi Kadima**, con domicilio na Rúa Arriba 19, en San Paio, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Rúa Arriba nº 19, en San Paio, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 06-08-2013 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación da Confederación Hidrográfica del Miño-Sil con data RE 6 de agosto de 2013, N° RE 4197, relativa a “Expediente de autorización para la ejecución de las obras



- de “Acondicionamiento das marxes dos ríos Avia, Miño e Cerves o seu paso por Ribadavia”, en el término municipal de Ribadavia (Ourense)”.
2. Comunicación da Confederación Hidrográfica del Miño-Sil con data RE 6 de agosto de 2013 N° RE 4201, relativa a “EXTINCIÓN da autorización de vertido de aguas residuales, con arquivo del expediente (V732/00129)”.
 3. Comunicación do Concello de Cenlle con data RE 8 de agosto de 2013 N° RE 4224, relativa a un novo enfoque sobre a liña do ferrocarril Vigo-Ourense, no treito que une as localidades de Ribadavia e Ourense.
 4. Comunicación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas con data RE 9 de agosto de 2013 N° RE 4238, relativa a “criterios de interpretación da disposición adicional segunda Lei 4/2013”.
 5. Comunicación do Valedor do Pobo con data RE 9 de agosto de 2013 N° RE 4243, sobre requerimento de informe.
 6. Comunicación da Consellería do Medio Rural e do Mar con data RE 9 de agosto de 2013 N° Re 4244, relativa a modificación da subvención concedida.
 7. Comunicación da Subdelegación do Goberno en Pontevedra con data RE 9 de agosto de 2013 N° RE 4245, relativa a “ Instalación de Línea Aérea de Transporte de enerxía eléctrica a 400kV, dobre circuito, Beariz-Fontefría, en las provincias de Ourense y Pontevedra”.
 8. Comunicación da Dirección Xeral da Inspección de Traballo e Seguridade Social con data RE 16 de agosto de 2013 N° RE 4305, relativa a solicitude da relación de concesión de licenzas e entidades adxudicatarias que exploten de maneira directa as casetas, para arealización dos mercados.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

Non houbo.-

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

En sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, Certifico.

